

**ASUNTO: Cálculo do volume de débeda viva en relación ao réxime de autorizacións das operacións de endebedamento**

"O cálculo do nivel de endebedamento debe de efectuarse considerando tanto o disposto no artigo 53 do TRLRHL como na DF 31ª da LPGE para 2013. Isto supón que se deben de considerar o seguinte:

- Operacións de endebedamento concertadas ao 31 de decembro do exercicio anterior (incluíndo avais): Saldos vivos á esta data, incluíndo os importes formalizados non dispostos.
- Operacións de endebedamento formalizadas no exercicio corrente (incluíndo avais): importes concertados, incluíndo os importes formalizados non dispostos.
- Operación/é proxectada/s.

Con outra interpretación, calquera entidade local cun nivel de débeda <75%, podería endebedarse sen límite algún, sen máis requisitos que concertar operacións de endebedamento sucesivas que, sumadas, cada unha delas, ao nivel de débeda do 31 de decembro, non superasen o referido 75%.